

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**14803** *Real decreto 1338/2018, do 29 de outubro, polo que se regula o potencial de produción vitícola.*

O Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007, establece un novo sistema para a xestión de plantacións de viñedo no ámbito da Unión Europea baseado en autorizacións.

Ademais, o Regulamento delegado (UE) n.º 2015/560 da Comisión, do 15 de decembro, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ao réxime de autorizacións para plantacións de vide, e o Regulamento de execución (UE) n.º 2015/561 da Comisión, do 7 de abril de 2015, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ao réxime de autorizacións para plantacións de vide, complementan esta normativa.

Así, o artigo 63 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, prevé un mecanismo de salvagarda para novas plantacións, en virtude do cal cada ano se deben pór á disposición autorizacións para novas plantacións correspondentes ao 1 % da superficie plantada de viñedo, pero dáse a posibilidade de aplicar unha porcentaxe menor a nivel nacional se se xustifica debidamente. O artigo 64 do dito regulamento establece as normas relativas á concesión de autorizacións para novas plantacións e fixa os criterios de admisibilidade e prioridade que os Estados membros poden aplicar, e establece tamén as normas no marco da Unión relativas ao procedemento que deben seguir os Estados membros en relación coas decisións sobre o mecanismo de salvagarda e a elección de criterios de admisibilidade e prioridade. Convén desenvolver a aplicación destas disposicións. Regúlanse, ademais, os aspectos relativos ás autorizacións por replantación de viñedo e ás conversións de dereitos de plantación en autorizacións que estean xa concedidos en 31 de decembro de 2015. Cómpre destacar que unha das novidades do novo réxime normativo da Unión Europea é que xa non se poden realizar transferencias de autorizacións, salvo en casos moi específicos, o que debe ter reflexo na normativa española.

Para a aplicación no Reino de España da normativa comunitaria sobre o sistema de autorizacións de plantacións de viñedo ditouse o Real decreto 772/2017, do 28 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola.

O Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, foi modificado polo Regulamento (UE) n.º 2017/2393 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2017, polo que se modifican os regulamentos (UE) n.º 1305/2013 relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), (UE) n.º 1306/2013 sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, (UE) n.º 1307/2013 polo que se establecen normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común, (UE) n.º 1308/2013 polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e (UE) n.º 652/2014 polo que se establecen disposicións para a xestión dos gastos relativos á cadea alimentaria, a saúde animal e o benestar dos animais, e relativos á fitosanidade e os materiais de reprodución vexetal, introducindo cambios nalgunhas disposicións sobre o sistema de autorizacións de viñedo.

Dado que este regulamento do Parlamento Europeo e do Consello introduce novas disposicións na concesión de autorizacións de novas plantacións, en especial sobre a

posibilidade de aplicar un novo criterio de admisibilidade, engadir a condición de mozo a algún criterio de prioridade e aplicar un límite máximo de superficie admisible por solicitante, convén modificar a normativa nacional para permitir a súa aplicación no Reino de España.

Posteriormente, os regulamentos de desenvolvemento da Comisión foron substituídos polo Regulamento delegado (UE) n.º 2018/273 da Comisión, do 11 de decembro de 2017, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que atinxe ao réxime de autorizacións para plantacións de vide, o rexistro vitícola, os documentos de acompañamento, a certificación, o rexistro de entradas e saídas, as declaracións obrigatorias, as notificacións e a publicación da información notificada, e polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que atinxe aos controis e sancións pertinentes, polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 555/2008, (CE) n.º 606/2009 e (CE) n.º 607/2009 da Comisión e polo que se derrogan o Regulamento (CE) n.º 436/2009 da Comisión e o Regulamento delegado (UE) n.º 2015/560 da Comisión, e polo Regulamento de execución (UE) n.º 2018/274 da Comisión, do 11 de decembro de 2017, polo que se establecen as normas de desenvolvemento do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ao réxime de autorizacións para plantacións de vide, a certificación, o rexistro de entradas e saídas, as declaracións obrigatorias e as notificacións, e do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta aos controis pertinentes, e polo que se derroga o Regulamento de execución (UE) n.º 2015/561 da Comisión.

Dado que estes regulamentos modifican algunhas definicións e aspectos relativos ao potencial produtivo vitícola é conveniente, por isto, modificar a normativa nacional.

Así mesmo, dada a experiencia adquirida na aplicación da dita norma, corresponde establecer certas modificacións nela, en especial no que se refire a requisitos e baremación das solicitudes de novas autorizacións de plantación.

Debido a que se modifican diversos preceptos, por seguridade xurídica, optouse por un novo real decreto. Así, no articulado engádense as mencións aos artigos correspondentes do Regulamento (UE) n.º 2017/2393 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2017; do Regulamento delegado (UE) n.º 2018/273 da Comisión, do 11 de decembro de 2017, e do Regulamento de execución (UE) n.º 2018/274 da Comisión, do 11 de decembro de 2017, e modifícanse parcialmente os artigos 3, 6, 7, 8, 9, 10, 12, 14, 16, 17, 27 e 29, a disposición adicional primeira, a disposición adicional segunda, a disposición transitoria única, a disposición derogatoria única e a disposición derradeira segunda.

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia estatal en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, prevista no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da nosa Constitución, e da habilitación para o desenvolvemento e execución da Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño, incluída na disposición derradeira primeira da dita norma legal.

O réxime de autorizacións de viñedo non se aplicará nas illas Canarias, xa que desde o 31 de decembro de 2012 non se aplicaba o réxime transitorio de dereitos de plantación de viñedo disposto no artigo 25 (3) do Regulamento (UE) n.º 228/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de marzo, polo que se establecen medidas específicas no sector agrícola en favor das rexións ultraperiféricas da Unión.

A regulación que se contén neste real decreto axústase aos principios recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, de acordo cos principios de necesidade e eficacia, xustifícase esta norma na necesidade de establecer unha ordenación adecuada do sector vitivinícola. Cúmrese o principio de proporcionalidade e a regulación límtase ao mínimo imprescindible para aplicar a normativa da Unión Europea, e non se establecen autorizacións máis aló do previsto nela. En aplicación do principio de eficiencia, límtanse as cargas administrativas ás imprescindibles para a consecución dos fins descritos, sempre dentro do marco da Unión Europea. En aplicación do principio de transparencia, ademais da audiencia pública, durante a tramitación desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas, así

como as entidades representativas dos sectores afectados. E, en función o principio de seguridade xurídica, derrógase o Real decreto 772/2017, do 28 de xullo.

Na elaboración desta disposición realizouse a consulta ás comunidades autónomas e ao sector, e a audiencia pública.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de outubro de 2018,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

## Disposicións xerais

### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten como obxecto establecer a normativa básica en materia de potencial vitivinícola necesaria para o desenvolvemento do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007; así como do Regulamento (CE) n.º 555/2008 da Comisión, do 27 de xuño de 2008, polo que se establecen normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) n.º 479/2008 do Consello, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola, no relativo aos programas de apoio, o comercio con terceiros países, o potencial produtivo e os controis no sector vitivinícola; do Regulamento (UE) n.º 2017/2393 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2017, polo que se modifican os regulamentos (UE) n.º 1305/2013 relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), (UE) n.º 1306/2013 sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, (UE) n.º 1307/2013 polo que se establecen normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común, (UE) n.º 1308/2013 polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e (UE) n.º 652/2014 polo que se establecen disposicións para a xestión dos gastos relativos á cadea alimentaria, a saúde animal e o benestar dos animais, e relativos á fitosanidade e os materiais de reprodución vexetal; do Regulamento delegado (UE) n.º 2018/273 da Comisión, do 11 de decembro de 2017, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que atinxe ao réxime de autorizacións para plantacións de vide, o rexistro vitícola, os documentos de acompañamento, a certificación, o rexistro de entradas e saídas, as declaracións obrigatorias, as notificacións e a publicación da información notificada, e polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que atinxe aos controis e sancións pertinentes, polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 555/2008, (CE) n.º 606/2009 e (CE) n.º 607/2009 da Comisión e polo que se derrogan o Regulamento (CE) n.º 436/2009 da Comisión e o Regulamento delegado (UE) 2015/560 da Comisión, e do Regulamento de execución (UE) n.º 2018/274 da Comisión, do 11 de decembro de 2017, polo que se establecen as normas de desenvolvemento do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ao réxime de autorizacións para plantacións de vide, a certificación, o rexistro de entradas e saídas, as declaracións obrigatorias e as notificacións, e do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta aos controis pertinentes, e polo que se derroga o Regulamento de execución (UE) n.º 2015/561 da Comisión.

### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. As disposicións contidas neste real decreto serán de aplicación unicamente ao viñado destinado á produción de uva de vinificación.

2. O réxime de autorizacións de viñado non será de aplicación na Comunidade Autónoma das Illas Canarias.

### Artigo 3. *Definicións.*

1. Para os efectos deste real decreto serán de aplicación as definicións establecidas no Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.

2. Así mesmo, entenderase como:

a) «Viticultor»: a persoa física ou xurídica, ou agrupación de persoas físicas ou xurídicas, con independencia da forma xurídica da agrupación ou dos seus membros, que teña á súa disposición unha superficie plantada de viñado, en propiedade ou en réxime de arrendamento ou parzaría, ou calquera outra forma conforme co dereito que poida demostrar mediante documento liquidado dos correspondentes tributos, cuxa vendima se utilice para a produción comercial de produtos vitivinícolas, ou a superficie se beneficie das excepcións para fins experimentais ou para o cultivo de viñas nai de enxertos recollidas no artigo 3, número 2, do Regulamento delegado (UE) 2018/273 da Comisión, do 11 de decembro de 2017. Esta definición considérase cumprida pola persoa física ou xurídica xa inscrita no Rexistro Vitícola como viticultor dunha superficie plantada de viñado antes da data de entrada en vigor deste real decreto.

b) «Propietario»: a persoa física ou xurídica ou agrupación de persoas físicas ou xurídicas, con independencia da forma xurídica da agrupación ou dos seus membros, ou ente sen personalidade xurídica, que ten o dereito real de propiedade sobre a parcela onde se encontra o viñado.

c) «Titular de autorización»: a persoa que ten inscrita a autorización ao seu nome no Rexistro Vitícola.

d) «Titular de arrinca»: viticultor a cuxo nome se emite a resolución de arrinca.

e) «Autoridade competente»: o órgano competente da comunidade autónoma para a tramitación e resolución dos procedementos previstos no presente real decreto.

f) «Nova plantación»: as plantacións para as cales se concede unha autorización de acordo coa porcentaxe da superficie plantada de viñado en 31 de xullo do ano anterior, que se pon anualmente á disposición, de conformidade co artigo 63 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.

g) «Arrinca»: a eliminación total de todas as cepas que se encontren nunha superficie plantada de vide. Este arrinca inclúe a eliminación tanto do portaenxerto como da parte aérea da planta.

h) «Plantación non autorizada»: plantación de viñado realizada sen autorización ou plantación de viñado realizada con autorizacións de novas plantacións cando o solicitante crease condicións artificiais para a súa concesión.

i) «Titular do dereito de plantación»: a persoa que ten inscrito o dereito de plantación ao seu nome no Rexistro Vitícola antes do 31 de decembro de 2015.

j) «Variedade de uva de vinificación»: variedade de vide cultivada, de forma habitual, para a produción de uva destinada á elaboración de viños de consumo humano.

k) «Variedade de portaenxerto»: variedade de vide cultivada para a produción de material vexetativo de vide e da cal se obtéña a parte subterránea da planta.

l) «Superficie agraria»: a definida no artigo 4.1.e) do Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude de réximes de axudas incluídos no marco da política agraria común e polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 637/2008 e (CE) n.º 73/2009 do Consello.

m) «Novo viticultor»: conforme o artigo 64.2.a) do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, entenderase como novo viticultor a persoa que plante vides por primeira vez e estea establecida en calidade de xefe de explotación.

n) «Explotación»: a definida no artigo 4.1.b) do Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude de réximes de axudas incluídos no marco da política agraria común e polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 637/2008 e (CE) n.º 73/2009 do Consello.

o) «Parcela vitícola»: superficie continua de terreo plantada de viñedo, cultivada por un viticultor e destinada á produción comercial de produtos vitivinícolas ou que se beneficia das excepcións para fins experimentais ou para o cultivo de viñas nai de enxertos previstas no artigo 3.2 do Regulamento delegado n.º 2018/273 da Comisión, do 11 de decembro de 2017.

p) «Superficie vitícola abandonada»: unha superficie plantada de viñedo que desde hai máis de cinco anos xa non está suxeita a un cultivo regular para obter un produto comercializable, sen prexuízo dos casos específicos definidos polas comunidades autónomas, cuxa arrinca xa non dá dereito ao produtor a obter unha autorización de replantación de conformidade co artigo 66 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013.

q) «Produtos vitivinícolas»: os produtos enumerados no anexo I, parte XII, do Regulamento (UE) n.º 1308/2013, excepto o vinagre de viño dos códigos NC 2209 00 11 e 2209 00 19.

## CAPÍTULO II

### **Réxime de autorizacións para plantacións de viñedo a partir do 1 de xaneiro de 2016**

#### *Artigo 4. Réxime de autorizacións para plantacións de viñedo.*

1. Desde o 1 de xaneiro de 2016 e até o 31 de decembro de 2030, as plantacións de viñedo de uva de vinificación poden ser plantadas ou replantadas unicamente se se concede unha autorización de conformidade coas condicións establecidas no Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no Regulamento (UE) n.º 2017/2393, do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2017, no Regulamento de execución (UE) n.º 2018/274 da Comisión, do 11 de decembro de 2017, no Regulamento delegado n.º 2018/273 da Comisión, do 11 de decembro de 2017, e no presente real decreto.

2. As autorizacións de plantación concedidas en virtude do presente real decreto entenderanse sen prexuízo do debido cumprimento, para o exercicio da plantación, do resto de normativa aplicable, en especial en materia vitivinícola, ambiental, de sanidade vexetal e de plantas de viveiro.

#### *Artigo 5. Superficies exentas do réxime de autorizacións para plantacións de viñedo.*

1. En virtude do artigo 3 do Regulamento delegado (UE) n.º 2018/273 da Comisión, do 13 de decembro de 2017, a uva producida en superficies destinadas a fins experimentais ou ao cultivo de viñas nai de enxertos, e os produtos vinícolas obtidos en ambos os supostos non poderán comercializarse durante os períodos durante os cales terán lugar o experimento ou o período de produción de viñas nai de enxertos.

2. As comunidades autónomas poderán decidir que as plantacións previstas no artigo 3.3 do Regulamento delegado (UE) n.º 2018/273 da Comisión, do 13 de decembro de 2017, estean suxeitas a notificación.



*Sección 1.ª Novas plantacións**Artigo 6. Autorizacións para novas plantacións.*

1. Para cada ano, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación fixará a superficie que se poderá conceder para autorizacións para novas plantacións, antes do 30 de decembro do ano anterior, e que deberá ser superior ao 0 % e, como máximo, do 1 % a nivel nacional da superficie plantada de viñedo en 31 de xullo do ano anterior.

2. Poderase limitar, pero non prohibir, a superficie dispoñible para autorizacións na zona xeográfica delimitada dunha denominación de orixe protexida.

3. Para a determinación dos números 1 e 2 deberán ter en conta os motivos recollidos no artigo 63.3 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, e deberán basearse:

- a) Nunha análise das perspectivas de mercado.
- b) Nunha previsión do impacto das novas superficies que van entrar en produción e dos dereitos de plantación e autorizacións concedidas aínda sen exercer.
- c) Nas recomendacións das organizacións profesionais representativas que se realicen sobre os números 1 e 2 segundo o establecido no artigo 7.

4. Antes da data establecida no número 1, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación fará pública, mediante resolución da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios que se publicará no «Boletín Oficial del Estado», a decisión sobre o número 1, que deberá ser aplicada á concesión de autorizacións dese ano para novas plantacións. Así mesmo, faranse públicas, a través da páxina web do dito ministerio, todas as recomendacións realizadas con base no artigo 7.

*Artigo 7. Recomendacións sobre limitacións a novas plantacións.*

1. En virtude do artigo 65 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, poderán realizar recomendacións sobre os números 1 e 2 do artigo 6 as organizacións interprofesionais que operen no sector vitivinícola recoñecidas de acordo co artigo 157 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, ademais das que estean recoñecidas de acordo coa lexislación nacional e autonómica, así como os órganos de xestión das denominacións de orixe protexidas.

2. As recomendacións realizadas deberán ir precedidas dun acordo entre as partes representativas relevantes da zona xeográfica de que se trate e estar debidamente xustificadas con base nun estudo que demostre a existencia dun risco de oferta excesiva de produtos vinícolas en relación coas perspectivas de mercado para eses produtos ou dun risco de desvalorización significativa dunha denominación de orixe protexida (DOP).

3. As recomendacións, acompañadas da documentación a que se refire o número 2, deberán conter a información mínima indicada no anexo I.A e I.B.1, e remitiranse, antes do 1 de novembro do ano anterior a aquel en que se pretenda que produzan efectos nas autorizacións concedidas, ao órgano da autoridade competente que tomará a decisión sobre estas, que será:

- a) O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para as recomendacións de limitación de autorizacións de nova plantación a nivel nacional, e para as recomendacións de limitación de autorizacións de nova plantación no ámbito dunha DOP supraautonómica.
- b) A comunidade autónoma, para as recomendacións de limitación de autorizacións de nova plantación no ámbito dunha DOP que só se localice no seu territorio.

4. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación enviará a documentación presentada nunha recomendación de limitación segundo a letra a) do número anterior ás comunidades autónomas onde estea localizada a DOP supraautonómica. As comunidades autónomas remitirán un informe, que non será vinculante, en relación coas ditas

recomendacións ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, como máis tarde o 20 de novembro.

5. A comunidade autónoma que reciba unha recomendación segundo a letra b) do número 3 comunicará ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, como máis tarde o 20 de novembro, a seguinte información:

a) Un certificado asinado polo titular da dirección xeral competente na materia, de que a documentación analizada da recomendación inclúe toda a información exigida no anexo I.B.1.

b) Resolución do titular da dirección xeral competente pola que se adopta a decisión sobre a recomendación.

c) Informe xustificativo da dita decisión, con base nos motivos recollidos no artigo 63.3 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.

6. O órgano da autoridade competente que reciba a recomendación observará o procedemento establecido nos artigos 68 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

7. As decisións sobre as recomendacións de limitacións serán publicadas mediante a resolución da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios mencionada no artigo 6.4 deste real decreto, e serán de aplicación desde o día da súa publicación.

8. As recomendacións poderán ter unha duración de até tres anos. En caso de que quixera modificarse unha recomendación realizada para un período maior a un ano, deberá comunicarse antes do 1 de novembro do ano anterior a aquel en que se pretenda modificar a dita recomendación, mediante a presentación da información solicitada no anexo I.A e I.B.1 do presente real decreto.

#### Artigo 8. *Criterios de admisibilidade.*

1. Para que unha solicitude sexa considerada admisible, o solicitante deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter á súa disposición na data de apertura do prazo de solicitudes, para poder realizar unha plantación de viñedo, en propiedade ou en réxime de arrendamento ou parzaría, ou calquera outra forma conforme co dereito que poida demostrar mediante documento liquidado dos correspondentes tributos, a superficie agraria para a cal solicita a autorización na comunidade autónoma que se vai plantar, até o momento da comunicación da plantación, que debe realizarse de acordo co establecido no artigo 11.7. A autoridade competente verificará a dita circunstancia, ao menos, no momento da presentación da solicitude e no momento da mencionada comunicación da plantación.

Non se validará a solicitude de autorización para as novas plantacións de viñedo cando o uso da superficie agraria sobre a cal se solicita a autorización na data de apertura do prazo de solicitudes requira dalgún permiso ou autorización administrativa para realizar o cambio de uso ou a plantación do viñedo de que non se dispoña até esa data.

Non se considerarán como admisibles as superficies para as cales xa se concedeu unha autorización de nova plantación de viñedo en virtude do artigo 11 en convocatorias anteriores ou para as cales se concedeu unha autorización de replantación ou por conversión, aínda que non se procedese aínda á plantación da dita autorización. Para isto non se terán en conta as superficies que fosen obxecto de renuncias referidas no artigo 11.5.

Para a comprobación deste criterio de admisibilidade, as comunidades autónomas poderán tomar como base o Rexistro Xeral da Produción Agrícola (Rexepa), regulado polo Real decreto 9/2015, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de hixiene na produción primaria agrícola, ou calquera dos rexistros que as autoridades competentes teñan dispostos de acordo co artigo 6 do Regulamento (CE) n.º 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, e en calquera outro rexistro que teñan

disposto no cal poida ser comprobado este requisito. En casos debidamente xustificados, en especial cando se constate máis dun solicitante sobre a mesma parcela, poderase ter en conta outra documentación que verifique que o solicitante da autorización cumpre co criterio.

En caso de que o solicitante non sexa o propietario da superficie para a cal solicita a autorización, o contrato de arrendamento deberá estar liquidado de impostos na data de apertura do prazo de solicitudes e, ademais, o solicitante deberá xuntar á solicitude o consentimento do propietario para poder realizar a plantación de viñedo.

b) Ter a capacidade e competencia profesionais adecuadas, que se considerarán cumpridas se o solicitante posúe na data de apertura do prazo de solicitudes algunha das seguintes condicións:

1.º Ter cinco anos nos últimos dez de experiencia profesional acreditada, que se poderá xustificar segundo estableza a comunidade autónoma, mediante unha ou varias das seguintes opcións: alta no réxime da Seguridade Social da actividade agraria, ou ser titular de explotación no Rexepa, ou ser viticultor no rexistro vitícola, ou coa comprobación de ter ingresos agrarios. En caso de non poder cumprilo, as comunidades autónomas poderán decidir que tres dos cinco anos de experiencia profesional se poderán acreditar mediante a presentación de certificado de asistencia a cursos ou seminarios de capacitación agraria cunha duración de 30 horas lectivas por cada ano non acreditado.

2.º Ter superado as probas de capataz agrícola ou estar en posesión de títulos académicos da rama agraria como mínimo do nivel de formación profesional do sistema educativo de técnico en Aceites de Oliva e Viño, técnico superior en Vitivinicultura, técnico en Producción Agropecuaria, ou técnico superior en Paisaxismo e Medio Rural.

3.º Posuír certificado de asistencia e aproveitamento aos cursos de instalación á empresa agraria e outros cursos complementarios cunha duración mínima de 150 horas, recoñecidos por calquera comunidade autónoma.

4.º Solicitante ao cal se lle concedeu a axuda á creación de empresas para mozos agricultores en virtude do Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, mediante resolución favorable con data anterior á apertura do prazo de solicitude de novas plantacións.

5.º Solicitante que posúa unha explotación agraria prioritaria, segundo o artigo 15 da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, mediante certificación expedida polo órgano correspondente da comunidade autónoma respectiva, con data anterior á de apertura do prazo de solicitude das novas plantacións.

6.º Cando o solicitante sexa unha persoa xurídica e algunha das condicións anteriores non poida ser verificada directamente, considerarase que esta, independentemente da súa forma xurídica, ten a capacidade e competencia profesionais adecuadas cando:

i) O control efectivo sobre a persoa xurídica sexa exercido por unha persoa física ou persoas físicas que ten a dita capacidade e competencia conforme algún dos ordinais 1.º a 5.º Para iso, a persoa física ou persoas físicas en cuestión deberá ter o poder de decisión dentro da dita persoa xurídica, o que exige que a súa participación no capital social da persoa xurídica sexa máis da metade do capital social total desta e que posúa máis da metade dos dereitos de voto dentro dela.

ii) No caso concreto da condición do ordinal 2.º, poderase considerar cumprida pola persoa xurídica que poida demostrar que, ao menos 3 dos últimos 5 anos até a data de apertura do prazo de solicitudes tivo contratada, de forma continua, unha persoa física que cumpre co ordinal 2.º, ou no caso de que teña un contrato de prestación de servizos de, ao menos 3 anos seguidos nos últimos 5 anos até a data de apertura do prazo de solicitudes, para o establecemento, mantemento e control da plantación cunha persoa xurídica ou profesional.



7.º Non obstante o anterior, para os efectos previstos nesta letra b), cando o solicitante sexa unha persoa física ou xurídica, no caso de que a superficie para a cal se solicita a autorización de nova plantación se localice nunha zona delimitada por unha DOP para a cal se establecese unha limitación no ano da solicitude, a comunidade autónoma que tomase a decisión con base nunha recomendación segundo o artigo 7.5 poderá considerar obrigatorio, para que a solicitude sexa admisible, que o solicitante estivese dado de alta no réxime da Seguridade Social da actividade agraria durante, ao menos, 2 anos dentro dos cinco anteriores á presentación da solicitude.

A imposición deste criterio de admisibilidade requirirá a emisión dun informe favorable por parte do consello regulador presentado ante o órgano competente da comunidade autónoma correspondente, xunto coa documentación que establece o artigo 7.3, e o envío da conformidade desa comunidade autónoma á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios xunto coa documentación do artigo 7.5.

Cando se trate dunha DOP supraautonómica, a imposición deste criterio de admisibilidade de que o solicitante estivese dado de alta no réxime da Seguridade Social da actividade agraria durante, ao menos, 2 anos dentro dos cinco anteriores á presentación da solicitude, por parte das comunidades autónomas afectadas, requirira en todo caso a emisión dun informe favorable do consello regulador da DOP presentado segundo dispón o artigo 7.3, e o envío da conformidade de todas as comunidades autónomas afectadas á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios xunto coa documentación a que se refire do artigo 7.4.

A Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios fará pública a obrigación que deba aplicarse, se for o caso, mediante a resolución mencionada no artigo 7.7 deste real decreto, sempre que todas as comunidades autónomas referidas manifestasen a súa conformidade.

c) Que o solicitante, na data de apertura do prazo de solicitudes, e no momento de concesión da autorización, se a comunidade autónoma o considera oportuno e cos seus propios medios, non teña plantacións de viñedo sen autorización de acordo co establecido no artigo 71 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, ou sen dereito de plantación de acordo co establecido nos artigos 85 bis e 85 ter do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (Regulamento único para as OCM).

2. En caso de que a autorización de nova plantación se solicite para plantar nunha superficie que se encontre dentro da zona xeográfica delimitada por unha DOP que se superpón con varias DOP, e que no ano de solicitude se aplique unha limitación de superficie para as autorizacións de nova plantación nesa DOP que se superpón con varias DOP, para que esa superficie solicitada se considere admisible, o solicitante deberá indicar na súa solicitude se a produción desa superficie se vai destinar ou non a elaborar viño coa dita DOP, conforme o establecido no anexo II.B, de forma que:

a) Se indica na solicitude que o destino da produción vai ser a elaboración de viño coa DOP con limitacións que se superpón con varias DOP, a superficie solicitada admisible contabilizarase para o límite fixado pola dita DOP.

b) Se indica na solicitude que non destinará a súa produción á dita DOP con limitacións que se superpón con varias DOP, o solicitante comprometerase até o 31 de decembro de 2030 a:

1.º Non utilizar nin comercializar as uvas producidas nesas novas plantacións para producir viño coa DOP con limitacións que se superpón con varias DOP;

2.º Non arrincar nin replantar vides desas novas plantacións coa intención de facer que a superficie replantada poida optar á produción de viño coa DOP con limitacións que se superpón con varias DOP.

No suposto de que se aplique outra limitación para outra DOP na superficie solicitada, a superficie solicitada admisible contabilizarase para o límite fixado por esoutra DOP.

Artigo 9. *Presentación de solicitudes.*

1. Os interesados presentarán a súa solicitude ou solicitudes, entre o 15 de xaneiro e o último día de febreiro de cada ano, ambos inclusive, ante a autoridade competente da comunidade autónoma onde se vaia plantar o viñedo. A solicitude poderá presentarse a través de calquera dos rexistros e medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Conforme o establecido no artigo 6 do Regulamento de execución (UE) n.º 2018/273 da Comisión, do 11 de decembro de 2017, de forma xeral as solicitudes deberán indicar a superficie solicitada e a localización específica da superficie para a cal se pide a autorización. As solicitudes presentaranse conforme un modelo que conteña, ao menos, os datos que figuran no anexo II.A.

Só no caso da superficie a que se aplique o criterio de admisibilidade do artigo 8.2 se proporcionará, ademais, información sobre o destino da produción segundo o indicado no segundo punto do artigo 8, e os datos mínimos contidos no anexo II.B.

2. Na concesión de autorizacións de novas plantacións terase en conta un límite máximo de superficie admisible por solicitante a nivel nacional de 5 hectáreas. O dito límite máximo só se terá en conta cando o total de superficie admisible solicitada supere a superficie dispoñible para autorizacións de novas plantacións establecida segundo o artigo 6.1.

No caso de que, como resultado de aplicar o dito límite máximo a todos os solicitantes, a superficie admisible total a nivel nacional sexa inferior á superficie dispoñible para autorizacións de novas plantacións establecida segundo o artigo 6.1, irase repetindo o axuste da superficie admisible dos solicitantes incrementando o dito límite, de 0,5 en 0,5 hectáreas, até conseguir que a superficie admisible total a nivel nacional non sexa inferior á superficie dispoñible establecida segundo o artigo 6.1.

3. No suposto de que se estableza unha limitación para unha DOP de acordo cos números 7 e 8 do artigo 7, poderase aplicar ás solicitudes afectadas pola dita limitación un límite de superficie admisible por solicitante inferior ao indicado no número segundo, aínda que en ningún caso se efectuará o axuste mencionado no último parágrafo do punto anterior. Este límite deberá ser aprobado polo órgano da autoridade competente que corresponda segundo o establecido no artigo 7.3, tomando como base o proposto polo seu consello regulador. Para isto, o consello regulador remitirá ao mencionado órgano competente, antes do 1 de novembro do ano anterior ao que se pretenda que produzan efectos nas autorizacións concedidas, a seguinte información:

a) Acordo adoptado polo órgano decisorio da organización, xustificado mediante certificado asinado polo representante legal da organización con data anterior ao 1 de novembro do ano a aquel en que se presente a proposta de límite máximo.

b) Número de hectáreas de límite máximo de superficie admisible para as solicitudes afectadas pola limitación desa DOP de cada solicitante que se propón aplicar. O número de hectáreas non poderá ser superior ao establecido como límite máximo a nivel nacional no primeiro parágrafo do número 2.

c) Xustificación do límite máximo de superficie admisible por solicitante proposto na letra b).

No caso de que o órgano da autoridade competente que deba adoptar a dita decisión sexa o dunha comunidade autónoma, esta deberá incluír a decisión adoptada sobre o dito límite na resolución referida no artigo 7.5.b), que remitirá ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación como máis tarde o 20 de novembro.

4. Cando o solicitante presente unha solicitude por unha superficie total que supere os límites de superficie admisible establecidos nos números 2 e 3 ou cando a presente en máis dunha comunidade autónoma independentemente da superficie solicitada, deberá indicar a orde de preferencia para cada recinto Sixpac que se recollerá na solicitude, e que

será tida en conta ao aplicar o dito límite. Esta orde de preferencia será sempre única e debe considerar todos os recintos Sixpac solicitados, aínda que se presente máis dunha solicitude.

5. As comunidades autónomas examinarán as solicitudes recibidas en canto á súa conformidade cos criterios de admisibilidade e, unha vez que remate o período de presentación de solicitudes, notificarán aos solicitantes cuxa solicitude fose excluída por non cumprir cos criterios de admisibilidade, unha resolución que indique os motivos polos cales se denega a solicitude.

6. A autoridade competente da comunidade autónoma remitirá ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 1 de xuño de cada ano, a lista de solicitudes admisibles clasificadas por orde de puntuación, en función do grao de cumprimento dos criterios de prioridade establecidos no artigo 10 e tal e como se establece no anexo III. Ademais, a comunidade autónoma indicará a orde de preferencia de cada recinto Sixpac da superficie admisible recollida na solicitude de acordo co número 4. A información mínima que deberán enviar as comunidades corresponderase coa recollida no anexo IV.

7. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación aplicará o límite máximo de superficie que corresponda segundo o establecido nos números 2 e 3 e tendo en conta a información recibida segundo o número 6. En caso de que se comprobén duplicidades na orde de preferencia de dous ou máis recintos Sixpac, ou que non se definise unha orde de preferencia na solicitude, darase prioridade ao recinto con maior superficie admisible para aplicar os límites dos números 2 e 3 e, cando os recintos sexan de igual tamaño, o límite será aplicado a partes iguais entre estes.

#### Artigo 10. *Criterios de prioridade.*

1. Os criterios de prioridade con base nos cales se elaborará a lista do número 6 do artigo 9 son os seguintes:

a) Que o solicitante sexa unha persoa física que no ano da presentación da solicitude non cumpra máis de 40 anos e sexa un novo viticultor ou, se se trata de persoa xurídica, que teña como socio un novo viticultor que non cumpra máis de 40 anos no ano de presentación da solicitude e exerza un control efectivo nos termos previstos no parágrafo cuarto desta letra a).

Para a comprobación do requisito sobre a plantación por primeira vez, no momento da apertura do prazo de solicitudes comprobarase que o solicitante non foi titular de ningunha parcela de viñedo no Rexistro Vitícola.

Para a comprobación da condición do solicitante como xefe de explotación, deberase comprobar que no momento de apertura do prazo de solicitudes o solicitante é quen está asumindo o risco empresarial da súa explotación, para o que a autoridade competente poderá solicitar toda a documentación que considere necesaria.

Considerarase que unha persoa xurídica, independentemente da súa forma xurídica, cumpre este criterio de prioridade se reúne algunha das condicións establecidas nos puntos 1) e 2) da epígrafe A do anexo II do Regulamento delegado (UE) n.º 2018/273 da Comisión, do 11 de decembro de 2017. Para estes efectos, entenderase que un novo viticultor exerce o control efectivo sobre a persoa xurídica cando teña o poder de decisión dentro da dita persoa xurídica, o que exige que a súa participación no capital social da persoa xurídica sexa máis da metade do capital social total desta e que posúa máis da metade dos dereitos de voto dentro dela.

b) Que o solicitante sexa un viticultor na data de apertura do prazo de solicitudes, persoa física que no ano da presentación da solicitude non faga máis de 40 anos, e que, na data de apertura do prazo de solicitudes e no momento de concesión da autorización se a comunidade autónoma o considera oportuno e cos seus propios medios, non teña plantacións de viñedo sen autorización de acordo co establecido no artigo 71 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, ou sen dereito de plantación de acordo co establecido nos artigos 85 bis e 85 ter do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007. Ademais,

deberase cumprir que na data de apertura do prazo de solicitudes non lle vencese ningunha autorización para nova plantación concedida anteriormente por non ter sido utilizada, non teña plantacións de viñedo abandonado no Rexistro Vitícola desde hai 8 anos até a data de apertura do prazo de solicitudes e non incumprise os seguintes compromisos: o indicado no número 3 do artigo 17 e o indicado no artigo 8.2 b), se for o caso.

c) Que o solicitante, no momento da presentación da solicitude, sexa titular dunha plantación de viñedo, sen que se poidan contabilizar as acollidas ás exencións previstas no artigo 62.4 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, excepto as plantadas como consecuencia dunha expropiación de viñedo autorizado, e que sexa titular dunha pequena ou dunha mediana explotación segundo os limiares establecidos por comunidade autónoma no anexo V, con base nos datos extraídos da última enquisa dispoñible sobre a estrutura das explotacións agrícolas do Instituto Nacional de Estatística.

Para os efectos desta letra c), os solicitantes deberán presentar, xunto coa solicitude, unha relación das parcelas que conforman a súa explotación coa identificación Sixpac e a superficie de cada unha, indicando o réxime de tenza das distintas parcelas. En caso de terras arrendadas ou en parzaría, e respecto das parcelas distintas daquela ou aquelas obxecto de solicitude de autorización de nova plantación, deberán terse, así mesmo, liquidado, se for o caso, os impostos correspondentes, na data de apertura do prazo de solicitudes. Non obstante, as comunidades autónomas poderán tomar como base para a comprobación deste criterio o Rexepa.

2. A puntuación dos criterios establecidos no número 1 será a recollida no anexo III.

#### Artigo 11. *Autorizacións de nova plantación.*

1. Unha vez ordenadas todas as solicitudes admisibles enviadas polas comunidades autónomas ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a cada solicitude con maior puntuación concederáselle toda a superficie solicitada antes de pasar á seguinte solicitude, até que se esgote a superficie dispoñible.

As solicitudes cunha mesma puntuación, para cuxo conxunto non haxa suficiente superficie dispoñible para satisfacer a superficie solicitada, repartiráselles a superficie dispoñible a pro rata, tal e como está definido no parágrafo A do anexo I do Regulamento de execución (UE) n.º 2018/274 da Comisión, do 11 de decembro de 2017.

2. En caso de que se limitase a superficie dispoñible para autorizacións en zonas xeográficas delimitadas dunha denominación de orixe protexida específica en virtude da decisión do artigo 7.7 e a superficie solicitada nas ditas zonas sexa superior á superficie máxima fixada para esa zona segundo o artigo 6, estas outorgaranse até alcanzar a superficie fixada para esa zona no procedemento de concesión de autorizacións conforme o número 1.

3. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación remitirá ás comunidades autónomas, non máis tarde do 1 de xullo, as solicitudes para as cales se poderán conceder autorizacións e a superficie pola cal se poderá conceder a autorización. As comunidades autónomas deberán resolver as solicitudes e notificar as autorizacións concedidas aos solicitantes antes do 1 de agosto de cada ano. En caso de non terse ditado e notificado a resolución correspondente transcorrido o dito prazo, os solicitantes poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio negativo.

4. As comunidades autónomas deberán informar os solicitantes cuxas solicitudes admisibles non fosen totalmente estimadas de cales foron os motivos e do recurso que corresponda.

5. Os solicitantes a que se conceda unha autorización por menos do 50% da superficie admisible total da súa solicitude poderán renunciar na súa totalidade no mes seguinte á data da notificación da resolución. As comunidades autónomas comunicarán á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, antes do 1 de outubro de cada ano, a información sobre superficie obxecto de renuncia referida neste parágrafo e indicando a rexión e a zona de produción onde está localizada a superficie desistida, para a súa

remisión á Comisión Europea en cumprimento do artigo 33.2.a) do Regulamento de execución (UE) n.º 2018/274 da Comisión, do 11 de decembro de 2017.

As comunidades autónomas deberán resolver os recursos estimatorios aplicando á superficie admisible o mesmo rateo que se lle aplicaríase á súa solicitude de ter sido resolta antes do 1 de agosto dese ano. As comunidades autónomas comunicarán á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, antes do 20 de novembro, conforme o anexo VI, a información sobre a superficie liberada por desistencias e erros detectados despois do 1 de xullo na superficie concedida segundo o número 3, e a información sobre a superficie concedida nos recursos que se resolven de forma estimatoria até ese momento, co fin de poder realizar un balance, no cal se terá en conta tamén a información da superficie liberada por renuncias procedentes da comunicación do primeiro parágrafo deste número.

En caso de que o balance entre superficie liberada e concedida por recursos estimatorios sexa superior á superficie máxima dispoñible para autorizacións de novas plantacións fixada a nivel nacional ou ao límite fixado para unha denominación de orixe protexida nese ano, esta superficie excedente será descontada, se for o caso, no ano seguinte, dos límites máximos fixados.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación recollerá, na resolución a que se fai referencia no artigo 7.7, a superficie que deberá descontarse, se for o caso, dos límites fixados do ano en cuestión en relación co procedemento do parágrafo 3 do presente número.

6. As autorizacións para novas plantacións concedidas terán un período de validez máximo de tres anos contados a partir da data da notificación da resolución da solicitude da autorización. En calquera caso, o período de validez non poderá superar o 31 de decembro de 2030.

7. Unha vez executada a plantación de viñedo, o solicitante deberá comunicala á autoridade competente no prazo que estableza a comunidade autónoma en que se realizou a plantación, e sempre antes da caducidade da autorización.

8. A plantación deberá permanecer un período mínimo de 5 anos en réxime de explotación e non poderá venderse nin arrendarse a outra persoa física ou xurídica.

#### Artigo 12. *Creación de condicións artificiais.*

1. En aplicación do establecido no artigo 60 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, e do artigo 4.6 do Regulamento delegado (UE) n.º 2018/273 da Comisión, do 11 de decembro de 2017, non se concederán autorizacións de novas plantacións de viñedo a persoas físicas ou xurídicas das cales se demostre que crearon artificialmente as condicións exixidas para cumprir os criterios de admisibilidade ou de prioridade establecidos no presente real decreto.

2. A autoridade competente poderá ter en conta as seguintes operacións, entre outras, para efectos de establecer unha posible creación de condicións artificiais para recibir unha autorización de novas plantacións de viñedo, para o que se poderán realizar as comprobacións, requirimentos ou controis que considere necesarios:

a) A declaración formal de superficies por encima da superficie dispoñible baixo o criterio de admisibilidade para obter vantaxe fronte a posibles rateos.

b) A división artificial de explotacións para obter vantaxe na puntuación de solicitudes conforme os criterios de prioridade, en especial as que resulten da división en que o novo titular teña vinculación co titular orixinal e obteña unha vantaxe derivada da dita división. Co fin de evitar este tipo de condicións artificiais, as comunidades autónomas poderán fixar unha data de referencia para considerar o tamaño de explotación ou validar o histórico da explotación do solicitante.

c) A creación de persoas xurídicas co único obxectivo de cumprir os criterios de prioridade.

d) A inscrición no Rexepa, en calquera outro rexistro ou a alta na Seguridade Social agraria co único obxectivo de cumprir os criterios de prioridade.



- e) A presentación de solicitudes por persoas interpostas, vinculadas dalgunha forma ao solicitante real, co único obxectivo de cumprir os criterios de prioridade.
- f) A solicitude nunha comunidade autónoma onde non se presume o establecemento do viñedo solicitado, senón a finalidade de obter unha maior puntuación nos criterios de prioridade.
- g) A contratación de persoal por parte das persoas xurídicas coa única intención de cumprir cos criterios de admisibilidade.
- h) Cando un mesmo solicitante alegue cumprir os criterios de prioridade a) e c) do número 1 do artigo 10 na mesma solicitude.

### *Sección 2.<sup>a</sup> Replantacións*

#### *Artigo 13. Autorizacións para replantacións.*

1. Desde o 1 de xaneiro de 2016, para poder replantar un viñedo arrincado débese obter unha autorización de replantación nos termos e condicións establecidos no Regulamento (UE) n.º 2018/273 da Comisión, do 11 de decembro de 2017, no Regulamento de execución (UE) n.º 2018/274 da Comisión, do 11 de decembro de 2017, e no presente real decreto.
2. Non se concederá ningunha autorización pola arrinca de plantacións non autorizadas.

#### *Artigo 14. Presentación de solicitude de arrinca de viñedo.*

1. Os viticultores que pretendan arrincar unha superficie de viñedo deberán presentar unha solicitude ante a autoridade competente da comunidade autónoma onde estea situada a superficie de viñedo que se vaia arrincar e que estea inscrita no Rexistro Vitícola ao seu nome no momento da presentación da solicitude, no prazo que determine cada comunidade autónoma.
2. Co fin de evitar a creación de condicións artificiais no cumprimento do establecido no artigo 66.3 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, a comunidade autónoma poderá requirir o solicitante da arrinca para que presente, ao menos, a declaración de colleita da parcela que se solicita arrincar, da campaña ou campañas anteriores á da solicitude de arrinca, en que se indique unha produción equivalente á dita superficie, salvo causa de forza maior ou circunstancias excepcionais previstas no artigo 2 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.
3. A solicitude poderá presentarse a través de calquera dos rexistros ou medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.
4. Cando o viticultor que pretenda realizar a arrinca da superficie de viñedo que está inscrita ao seu nome no Rexistro Vitícola non sexa o propietario da parcela deberá xuntar a documentación acreditativa do consentimento da arrinca do propietario, salvo que xustifique debidamente ante a autoridade competente a súa innecesariedade.
5. Tras realizar as comprobacións pertinentes, a autoridade competente emitirá unha autorización de arrinca e, unha vez executada a arrinca polo viticultor, este deberá comunicalo á autoridade competente quen, logo de comprobación en campo, emitirá unha resolución de arrinca.
6. A solicitude de arrinca por parte do viticultor e a notificación da resolución de arrinca por parte da comunidade autónoma deberán producirse na mesma campaña, para efectos de verificar o disposto no artigo 15.2. O sentido do silencio administrativo será o establecido pola comunidade autónoma correspondente e, na súa falta, o sentido do silencio administrativo será estimatorio.
7. As comunidades autónomas deberán informar os solicitantes cuxas solicitudes non fosen estimadas de cales foron os motivos e do recurso que corresponda.

Artigo 15. *Lugar e prazo de presentación de solicitudes para autorizacións para replantacións.*

1. O titular da arrinca deberá presentar a solicitude de autorización para replantación ante a autoridade competente da comunidade autónoma onde estea situada a superficie que se vai plantar. A solicitude poderá presentarse en calquera dos rexistros ou a través dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. A solicitude deberá presentarse antes do final da segunda campaña seguinte á campaña en que se notificase a resolución de arrinca indicada no artigo 14.5. Se, transcorrido este prazo, non se solicitou a autorización para a replantación, perderase o dereito a solicitala.

3. Conforme o artigo 9.1 do Regulamento de execución (UE) n.º 2018/274 da Comisión, do 11 de decembro de 2017, as solicitudes deberán indicar o tamaño e a localización específica da superficie arrincada e da superficie que se vai replantar para a cal se pide a autorización. Presentaranse conforme un modelo que conteña, ao menos, os datos que figuran no anexo VII.

4. O solicitante terá á súa disposición, en propiedade ou en réxime de arrendamento, parzaría, ou calquera outra forma conforme co dereito que poida demostrar mediante documento liquidado dos correspondentes tributos, a superficie agraria para a cal solicita a autorización de replantación desde o momento en que presenta a solicitude até o momento da comunicación da plantación, que debe realizarse de acordo co establecido no artigo 19.5. A autoridade competente verificará a dita circunstancia, ao menos, no momento da presentación da solicitude e no momento da mencionada comunicación da plantación. Para os efectos do cumprimento do presente número, terase en conta o establecido nos parágrafos primeiro, segundo, cuarto e quinto do artigo 8.1.a).

Artigo 16. *Autorizacións para replantación anticipada.*

1. As comunidades autónomas poderán conceder autorizacións de replantación anticipada nos termos e condicións recollidos no número 2 do artigo 66 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, no artigo 5 do Regulamento delegado (UE) n.º 2018/273 da Comisión, do 11 de decembro de 2017, no número 3 do artigo 9 do Regulamento de execución (UE) n.º 2018/274 da Comisión, do 11 de decembro de 2017, e no presente real decreto.

2. Ao compromiso a que se fai referencia no segundo parágrafo do número 3 do artigo 9 do Regulamento de execución (UE) n.º 2018/274 da Comisión, do 11 de decembro de 2017, deberá xuntarse unha garantía mediante aval de entidade bancaria, seguro de caución, ingreso en efectivo ou outra garantía financeira. As comunidades autónomas establecerán o valor da dita garantía, que deberá ter en conta o importe da nova plantación que se vai realizar e o da plantación que se vai arrincar. O incumprimento da obriga de arrinca no prazo sinalado comportará a execución do aval, así como o establecido no artigo 25 deste real decreto.

3. O viticultor deberá xustificar o dereito a poder realizar a arrinca, segundo o establecido no artigo 14.4.

4. O solicitante terá á súa disposición en propiedade ou en réxime de arrendamento, parzaría ou calquera outra forma conforme co dereito que poida demostrar mediante documento liquidado dos correspondentes tributos, a superficie agraria para a cal solicita a autorización de replantación anticipada. A verificación da disposición sobre a superficie realizarase no momento da presentación da solicitude e no momento da comunicación da plantación, que o solicitante deberá realizar de acordo co establecido no artigo 19.5.

Para os efectos do cumprimento do presente número, terase en conta o establecido nos parágrafos primeiro, segundo, cuarto e quinto do artigo 8.1.a).

5. As solicitudes poderán presentarse nos lugares e datas previstos nos números 1 a 2 do artigo 15. Conforme o número 3 do artigo 9 do Regulamento de execución (UE) n.º 2018/274 da Comisión, do 11 de decembro de 2017, as solicitudes deberán indicar o tamaño e a localización específica da superficie que se vai arrincar e da superficie que se

vai replantar para a cal se pide a autorización. As solicitudes presentaranse conforme un modelo que conteña, ao menos, os datos e a información que figuran no anexo VIII.

6. Co fin de evitar a creación de condicións artificiais no cumprimento do establecido no artigo 66.3 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013, a comunidade autónoma poderá requirir o solicitante da autorización de arrinca anticipada para que presente, ao menos, a declaración de colleita da parcela que se solicita arrincar da campaña ou campañas anteriores á da solicitude de arrinca, en que se indique unha produción equivalente á dita superficie, salvo causa de forza maior ou circunstancias excepcionais previstas no artigo 2 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común.

#### Artigo 17. *Restricións á replantación.*

1. De conformidade co número 3 do artigo 66 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, e en virtude do artigo 6 do Regulamento delegado (UE) n.º 2018/273 da Comisión, do 11 de decembro de 2017, poderanse restrinxir totalmente as replantacións de viñedo se a superficie que se vai replantar pode optar para a produción de viños cunha denominación de orixe protexida onde se aplicou unha limitación de concesión ás novas plantacións de acordo co artigo 7, e para a cal se realizou unha recomendación de acordo co artigo 18, xustificada pola necesidade de evitar un risco ben demostrado de depreciación significativa dunha denominación de orixe protexida.

2. As restricións serán aplicables a todas as solicitudes de autorizacións que se presenten no prazo dun ano desde a data de publicación da restrición aprobada segundo o artigo 18.7. No caso de que a recomendación en que se basee a dita restrición se realizase por un período superior a un ano, as ditas restricións poderanse aplicar polo mesmo prazo da recomendación desde a data de publicación da resolución.

3. En virtude do segundo parágrafo do artigo 6 do Regulamento delegado (UE) n.º 2018/273 da Comisión, do 11 de decembro de 2017, o compromiso a que se fai referencia na letra b) sobre non utilizar nin comercializar as uvas producidas para producir viños con denominación de orixe protexida, e non arrincar e replantar vides coa intención de facer que a superficie replantada poida optar á produción de viños coa denominación de orixe protexida específica manterase mentres estea vixente o réxime de autorizacións de viñedo.

#### Artigo 18. *Recomendacións sobre restricións á replantación.*

1. En virtude do artigo 65 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, poderán realizar recomendacións para restrinxir a concesión de autorizacións por replantación as organizacións interprofesionais que operen no sector vitivinícola, recoñecidas de acordo co artigo 157 Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, ademais das que estean recoñecidas de acordo coa lexislación nacional e autonómica, así como os órganos de xestión das denominacións de orixe protexidas.

2. As recomendacións realizadas deberán ir precedidas dun acordo entre as partes representativas relevantes da zona xeográfica de que se trate e estar debidamente xustificadas con base nun estudo que demostre a necesidade de evitar un risco ben demostrado de depreciación significativa dunha denominación de orixe.

3. As recomendacións deberán conter a información mínima indicada no anexo I.B.2) e remitiranse, acompañadas da documentación a que se refire o número anterior, antes do 1 de novembro do ano anterior a aquel en que se pretenda que produzan efectos, ao órgano da autoridade competente que tomará a decisión sobre elas, que será:

a) O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para as recomendacións de restrición de autorizacións de replantación e por conversión de dereitos no ámbito dunha DOP supraautonómica.

b) A comunidade autónoma, para as recomendacións de restricións de autorizacións de replantación e por conversión de dereitos no ámbito dunha DOP que só se localice no seu territorio.

4. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación enviará a documentación presentada nunha recomendación de restrición, segundo a letra a) do número anterior, ás comunidades autónomas onde estea localizada a DOP supraautonómica.

As comunidades autónomas remitirán un informe, que non será vinculante, sobre a recomendación ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, como máis tarde o 20 de novembro.

5. A comunidade autónoma que reciba unha recomendación segundo a letra b) do número 3 comunicará ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, como máis tarde o 20 de novembro, a seguinte información:

a) Un certificado asinado polo titular da dirección xeral competente na materia de que a documentación analizada inclúe toda a información exixida no anexo I.B.2.

b) Resolución do titular da dirección xeral competente pola cal se adopta a decisión sobre a recomendación.

c) Informe xustificativo da dita decisión con base nos motivos recollidos no artigo 63.3 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.

6. O órgano da autoridade competente que reciba a recomendación observará o procedemento establecido nos artigos 68 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

7. As restricións que se aproben serán publicadas na Resolución da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios mencionada no artigo 6.4 deste real decreto e serán de aplicación desde o día da súa publicación.

8. As recomendacións poderán ter unha duración de até tres anos. En caso de que queira modificarse unha recomendación realizada para un período maior dun ano, deberá comunicarse antes do 1 de novembro do ano anterior a aquel en que se pretenda modificar a dita recomendación mediante a presentación da información solicitada no anexo I.B.2) do presente real decreto.

#### Artigo 19. *Autorizacións de replantación de viñedo.*

1. As autorizacións concedidas corresponderán ao equivalente da superficie arrincada en cultivo puro.

2. As comunidades autónomas deberán resolver as solicitudes e notificar as autorizacións concedidas no prazo de tres meses a partir da presentación de solicitudes. O sentido do silencio administrativo será o establecido pola comunidade autónoma correspondente e, na súa falta, o sentido será estimatorio.

3. As comunidades autónomas deberán informar os solicitantes cuxas solicitudes non fosen estimadas de cales foron os motivos e do recurso que corresponda.

4. As autorizacións concedidas terán un período de validez máximo de tres anos contados a partir da data da notificación da resolución da solicitude da autorización. En calquera caso, o período de validez non poderá superar o 31 de decembro de 2030.

5. Unha vez executada a plantación de viñedo, o solicitante deberá comunicala á autoridade competente no prazo que estableza a comunidade autónoma en que se realizou a plantación, e sempre antes da caducidade da autorización.

#### *Sección 3.<sup>a</sup> Conversións de dereitos de plantación de viñedo en autorizacións*

#### Artigo 20. *Conversións de dereitos de plantación.*

1. Os dereitos de plantación concedidos antes do 31 de decembro de 2015 de conformidade cos artigos 85 *nonies*, 85 *decies* ou 85 *duodecies* do Regulamento (UE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, poderán ser convertidos en

autorizacións para a plantación de viñedo a partir do 1 de xaneiro de 2016, de acordo co establecido no capítulo III do título I do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, no Regulamento delegado (UE) n.º 2018/273 da Comisión, do 11 de decembro de 2017, no Regulamento de execución (UE) n.º 2018/274 da Comisión, do 11 de decembro de 2017, e no presente real decreto.

2. Para obter a autorización, o titular do dereito de plantación deberá presentar unha solicitude de conversión dun dereito de plantación nunha autorización, de acordo co establecido no artigo 21.

#### Artigo 21. *Lugar e prazo de presentación de solicitudes.*

1. Os titulares dos dereitos de plantación que queiran solicitar unha conversión poderán presentar a solicitude entre o 15 de setembro de 2015 e o 31 de decembro de 2020, ambos inclusive, ante a autoridade competente da comunidade autónoma onde estea localizada a superficie que se vai plantar ou en calquera dos rexistros e medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. Conforme o número 1 do artigo 10 do Regulamento de execución (UE) n.º 2018/274 da Comisión, do 11 de decembro de 2017, as solicitudes deberán indicar o tamaño e a localización específica da superficie para a cal se pide a autorización. Presentaranse conforme un modelo que conteña, ao menos, os datos que figuran no anexo IX.

3. O solicitante terá á súa disposición, en propiedade ou en réxime de arrendamento ou parzaría, ou calquera outra forma conforme co dereito que poida demostrar mediante documento liquidado dos correspondentes tributos, a superficie agraria para a que solicita a autorización de conversión desde o momento en que presenta a solicitude até o momento da comunicación da plantación, que debe realizarse de acordo co establecido no artigo 22.5. A autoridade competente verificará a dita circunstancia, ao menos, no momento da presentación da solicitude e no momento da mencionada comunicación da plantación. Para os efectos do cumprimento do presente número, terase en conta o establecido nos parágrafos primeiro, segundo, cuarto e quinto do artigo 8.1.a).

#### Artigo 22. *Autorizacións de plantación de viñedo por conversión dun dereito de plantación.*

1. O prazo de resolución e notificación das solicitudes por parte da autoridade competente ao solicitante será, como máximo, de 3 meses contados desde a data da presentación da solicitude. O sentido do silencio administrativo será o establecido pola comunidade autónoma correspondente e, na súa falta, o sentido do silencio administrativo será estimatorio.

2. As comunidades autónomas deberán informar os solicitantes cuxas solicitudes non fosen estimadas de cales foron os motivos e do recurso que corresponda.

3. As autorizacións concedidas por conversión de dereitos de plantación terán o mesmo período de validez que o dereito de plantación de procedencia. En calquera caso, o período de vixencia non poderá superar o 31 de decembro de 2023.

4. As autorizacións concedidas de acordo coa presente sección deberán ser utilizadas polo mesmo titular a que se lle concederon na súa propia explotación e poderán estar suxeitas ás restricións que, se for o caso, se establezan conforme os artigos 17 e 18.

5. Unha vez executada a plantación de viñedo, o solicitante deberá comunicala á autoridade competente no prazo que estableza a comunidade autónoma en que se realizou a plantación e sempre antes da caducidade da autorización.



*Sección 4.<sup>a</sup> Disposicións comúns ao réxime de autorizacións de plantacións de viñedo*

*Artigo 23. Modificación da localización da superficie para a cal se concedeu unha autorización.*

1. De conformidade co establecido no artigo 11 do Regulamento de execución (UE) n.º 2018/274 da Comisión, do 11 de decembro de 2017, en casos debidamente xustificadas poderanse realizar modificacións da localización da superficie para a que se concedeu unha autorización, sempre que a nova superficie teña o mesmo tamaño en hectáreas e que a autorización siga sendo válida.

2. Para poder levar a cabo unha modificación, o titular da autorización deberá solicitar de forma motivada a dita modificación, con anterioridade á realización da plantación, ante a autoridade competente que emitiu a resolución da dita autorización. A realización da plantación deberá ser posterior á resolución por parte da autoridade competente da dita modificación.

No caso de que a nova superficie radique noutra comunidade autónoma, o titular da autorización deberá presentar a solicitude de modificación ante a autoridade competente onde radique a nova superficie onde se vai plantar. Esta autoridade comunicará á autoridade competente que emitiu a resolución de autorización informando de que vai solicitar unha modificación noutra comunidade autónoma. Neste caso velarase expresamente por que non concorra a creación de condicións artificiais especificada no artigo 12.2, letra f).

3. A nova superficie agraria deberá estar á disposición do solicitante en propiedade, ou en réxime de arrendamento ou parzaría, ou calquera outra forma conforme co dereito que poida demostrar mediante documento liquidado dos correspondentes tributos, no momento da presentación da solicitude de modificación e no momento da comunicación da plantación, que o solicitante deberá realizar de acordo co establecido no número 7.

No caso de que a solicitude sexa para modificar a localización dunha autorización concedida para unha nova plantación en virtude da sección 1<sup>a</sup>, o solicitante deberá xustificar que no momento da presentación da solicitude da autorización que se vai modificar segundo o artigo 9 tiña á súa disposición a nova superficie para a cal se solicita a modificación.

Para os efectos do cumprimento do presente número, terase en conta o establecido nos parágrafos primeiro, segundo, cuarto e quinto do artigo 8.1.a).

4. No caso de que a solicitude sexa para modificar a localización dunha autorización concedida para unha nova plantación en virtude da sección 1<sup>a</sup>, a nova superficie non poderá estar localizada nunha zona en que se aplicasen limitacións no ano en que se solicita a modificación, e se alcanzase o límite máximo, mentres que a superficie inicial estaba situada fóra desa zona.

No caso de que a solicitude sexa para modificar a localización dunha autorización concedida para replantación ou por conversión dun dereito de plantación, e a nova superficie estea localizada nunha zona en que se aplican restricións no ano da solicitude da modificación, a autorización concedida quedará sometida ás mesmas restricións.

5. As solicitudes deberán indicar o tamaño e a localización específica da nova superficie que se vai plantar. Presentaranse conforme un modelo que conteña, ao menos, os datos que figuran no anexo X.

6. O prazo de resolución e o sentido do silencio administrativo será o establecido pola comunidade autónoma correspondente e, na súa falta, o prazo máximo de resolución será de tres meses desde o momento de presentación da solicitude e o sentido do silencio administrativo estimatorio.

7. Unha vez executada a plantación de viñedo, o solicitante deberá comunicala á autoridade competente.

Artigo 24. *Transferencias de autorizacións de plantacións de viñedo, resolucións de arrinca e de dereitos de plantación.*

1. Non se considerarán válidas conforme este real decreto as transferencias de autorizacións de plantación de viñedo posteriores ao 1 de xaneiro de 2016, concedidas en virtude dos artigos 64, 66 e 68 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, nin de dereitos de replantación de viñedo concedidos antes do 31 de decembro de 2015.

2. Non obstante, poderanse realizar transferencias de autorizacións, resolucións de arrinca ou de dereitos de plantación cuxo período de validez non se alcanzase, nos seguintes supostos e coas seguintes condicións:

a) Herdanza *mortis causa* ou herdanza anticipada. No caso de herdar unha autorización de plantación, o herdeiro deberá ter á súa disposición a superficie concreta para a que foi concedida a autorización e estará obrigado a cumprir os compromisos que se adquirisen no momento da concesión da autorización.

b) Fusións e escisións de persoas xurídicas. En caso de que o titular da autorización de plantación non manteña a súa personalidade xurídica, aquelas persoas xurídicas creadas como consecuencia da fusión ou escisión e que prosigan coa produción de viño poderán utilizar as autorizacións, resolucións ou os dereitos, asumindo todos os dereitos e obrigacións do titular ao cal se lle concederon.

Artigo 25. *Penalizacións e recuperación de custos.*

Aos produtores que non cumpran coa obrigaón establecida no artigo 71, número 1, do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, imporáselles unha penalización co importe mínimo establecido no artigo 46 do Regulamento delegado (UE) n.º 2018/273 da Comisión, do 11 de decembro de 2017. Nos casos en que se estime que os ingresos anuais obtidos na superficie en que se sitúan os viñedos en cuestión superan os 6.000 euros por hectárea, a autoridade competente aumentará os importes mínimos proporcionalmente á renda media anual por hectárea estimada para esa superficie.

En caso de que a autoridade competente teña que garantir a arrinca das plantacións non autorizadas polos seus propios medios, o custo por conta do produtor, de conformidade co artigo 71.2, do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, calcularase conforme o artigo 46 do Regulamento delegado (UE) n.º 2018/273 da Comisión, do 11 de decembro de 2017, e este custo engadirase á penalización aplicable. As comunidades autónomas poderán considerar como plantación non autorizada as plantacións de viñedo realizadas incumprindo algunha das condicións esenciais da autorización concedida.

Artigo 26. *Sancións administrativas.*

1. Aos produtores que non utilicen a autorización que se lles concedeu durante o seu período de validez seralles de aplicación o réxime de sancións previsto na Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño, e na normativa autonómica de aplicación, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde que procedan.

As ditas sancións non se aplicarán nos casos fixados no artigo 64.2, letras a) a d), ambas inclusive, do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, nin cando o que non se utilizase durante o seu período de validez sexa inferior a un 10% até un máximo de 0,2 hectáreas.

2. O incumprimento das condicións esenciais da autorización concedida determinará a suspensión dos efectos da dita autorización ou, se for o caso, a súa revogación, e deberase restablecer a situación ao momento previo ao do seu outorgamento, sen prexuízo do previsto no terceiro parágrafo do artigo 25. Consideraranse incumpridas as condicións esenciais da autorización concedida, nos seguintes casos:

- a) Incumprimento de dispoñibilidade para plantar viñedo na superficie recollida na solicitude de autorización desde que se solicita até que se comunica a plantación.
- b) Incumprimento do compromiso recollido no punto 3) do criterio A) do anexo II do Regulamento delegado (UE) n.º 2018/273 da Comisión, do 11 de decembro de 2017, cando sexa determinante para a concesión da autorización correspondente.
- c) Incumprimento do compromiso recollido na parte A) 2) a) e b) do anexo I do Regulamento delegado (UE) n.º 2018/273 da Comisión, do 11 de decembro de 2017, cando sexa determinante para a concesión da autorización correspondente.
- d) Creación de condicións artificiais de acordo co establecido no artigo 12.
- e) Incumprimento do establecido no punto 8 do artigo 11.

3. O disposto no número anterior entenderase sen prexuízo da sanción que corresponda no caso de que o dito incumprimento constitúa unha infracción tipificada na Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño, caso en que prevalecerá o disposto na dita lei.

#### Artigo 27. *Comunicacións.*

1. As comunidades autónomas deberán remitir ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a información recollida nos anexos necesaria para o cumprimento das obrigacións de comunicación á Comisión Europea previstas na normativa comunitaria.

2. Como máis tarde no prazo dun mes desde a data de entrada en vigor deste real decreto, as comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a información referida no artigo 50.1.c) do Regulamento delegado (UE) n.º 2018/273 da Comisión, do 11 de decembro de 2017. Así mesmo, remitirán ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a información actualizada cada vez que se produzan modificacións nela.

### CAPÍTULO III

#### **Rexistro vitícola e disposicións de control**

#### Artigo 28. *Rexistro vitícola.*

1. O rexistro vitícola das comunidades autónomas conterá información actualizada que incluírá, ao menos, os detalles e especificacións establecidos nos anexos III e IV do Regulamento delegado (UE) n.º 2018/273 da Comisión, do 11 de decembro de 2017.

2. Ademais, as comunidades autónomas utilizarán a información gráfica e alfanumérica de identificación de parcelas do Sixpac, prevista no Real decreto 1077/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas.

3. Deberase recoller no rexistro vitícola información sobre o destino da produción das parcelas, cando se aplique o artigo 8.2, o artigo 17.3 ou o artigo 22.4 do presente real decreto.

#### Artigo 29. *Controis.*

1. As autoridades competentes realizarán as actuacións de control precisas para verificar o cumprimento do establecido no presente real decreto, conforme o establecido na normativa da Unión Europea aplicable, así como en cumprimento do disposto no artigo 31.2 do Regulamento de execución (UE) n.º 2018/274 da Comisión, do 11 de decembro de 2017.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación coordinará coas comunidades autónomas o establecemento de mecanismos de colaboración e intercambio de información entre administracións para o bo funcionamento e xestión do réxime de autorizacións de viñedo.

3. Sen prexuízo do anterior, as comunidades autónomas prestarán especial atención á hora de realizar os controis no réxime de autorizacións de viñedo, co fin de evitar que os solicitantes eludan os criterios de prioridade ou de admisibilidade ou creen de maneira artificial as condicións e os requisitos previstos en cada caso no capítulo II deste real decreto.

#### CAPÍTULO IV

##### **Variedades de uva de vinificación e variedades portaenxertos**

###### Artigo 30. *Clasificación.*

1. As variedades do xénero *Vitis* destinadas á produción de uva de vinificación e á obtención de material de produción vexetativa da vide clasificaranse nas seguintes categorías:

a) Variedades de uva de vinificación autorizadas, aquelas que pertencen á especie *Vitis Vinifera* (L) ou a un cruzamento entre a especie *Vitis Vinifera* (L) e outra do xénero *Vitis*, e que, ao seren sometidas á avaliación previa a que se fai referencia no artigo 31, o resultado da dita proba demostre unha aptitude satisfactoria e da cal se obteña como mínimo un viño con calidade cabal e comercial.

Ademais, poderanse clasificar as variedades de uva de vinificación que non correspondan aos criterios recollidos no parágrafo anterior, pero para as que se xustifique debidamente a súa antigüidade, interese e adaptación local, exceptuándoas de ser sometidas á avaliación previa a que se refire o artigo 31.

b) Variedades portaenxertos recomendadas: aquelas que se cultiven para obter material de multiplicación da vide que, ao ser sometido á avaliación previa a que se fai referencia no artigo 31, se demostre que posúen aptitudes culturais satisfactorias.

2. Todas as variedades clasificadas deberán estar inscritas no Rexistro de Variedades Comerciais de Vide para España ou nos catálogos ou rexistros dos demais Estados membros da Unión Europea.

###### Artigo 31. *Avaliación previa.*

A avaliación previa efectuarase baseándose nos resultados dos exames analíticos e organolépticos dos correspondentes produtos acabados, especificados no anexo XX.

###### Artigo 32. *Sinonimias.*

Para cada unha das variedades incluídas na clasificación de variedades de uva de vinificación engadiranse, en caso de telas, as sinonimias que correspondan, sempre que estean recollidas no Rexistro de Variedades Comerciais de Vide en España ou nos catálogos ou rexistros dos demais Estados membros da Unión Europea.

###### Artigo 33. *Administración competente.*

As comunidades autónomas serán as responsables de clasificar no seu ámbito territorial as variedades do xénero *Vitis* destinadas á produción de uva de vinificación e á obtención de material de produción vexetativa da vide.

###### Artigo 34. *Modalidades de clasificación.*

1. A inclusión dunha variedade de vide nunha determinada categoría levarase a cabo sempre que se cumpran os requisitos previstos no artigo 30, da seguinte forma:

a) A inclusión dunha variedade de uva de vinificación totalmente nova, sen que esta se encontre clasificada previamente, deberá ser sometida á avaliación a que se fai

referencia no artigo 31. Unha vez que a dita proba demostre unha aptitude satisfactoria, esta variedade incluírase dentro da categoría de autorizadas.

b) En caso de que unha variedade de vinificación se encontre previamente clasificada, non será de aplicación o disposto no artigo 31 e poderá ser incluída directamente dentro da categoría de autorizada.

c) A inclusión dunha variedade de portaenxertos na categoría de recomendadas realizarase cando esta fose sometida á avaliación previa a que se fai referencia no artigo 31.

2. Cando a experiencia adquirida demostre que unha variedade de vide non cumpre as exixencias requiridas para a categoría en que está clasificada, poderá ser suprimida. Así mesmo, poderá restrinxirse motivadamente a plantación, o enxerto sobre o terreo e o sobre enxerto, dunha variedade de vide nunha determinada zona xeográfica do territorio español cando, en atención ás distintas condicións agroclimáticas, ou doutra orde vinculadas ao cultivo, non se cumplan as exixencias requiridas para a categoría en que está clasificada nesa zona específica.

#### Artigo 35. *Deber de colaboración.*

1. As comunidades autónomas comunicarán ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 1 de abril de cada ano, as modificacións na clasificación de variedades de uva de vinificación e portaenxerto que figuran no anexo XXI que realizen en cumprimento do previsto no artigo 30.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación publicará anualmente, mediante orde ministerial no «Boletín Oficial del Estado», as modificacións que se produzan no anexo XXI con base nas comunicacións realizadas polas comunidades autónomas.

#### Artigo 36. *Prohibición de plantacións con variedades non inscritas na clasificación.*

1. Quedan prohibidos a plantación, o enxerto sobre o terreo e o sobre enxerto de variedades de uva de vinificación non inscritas na clasificación. Estas restricións non se aplicarán ás variedades de vide utilizadas en investigacións científicas e experimentación.

2. Excepcionalmente, poderase permitir a produción de material de produción vexetativa da vide reservado exclusivamente para a exportación a terceiros países, sempre que se efectúe un control adecuado da produción, así como a produción de planta-enxerto con viníferas producidas noutro Estado membro.

#### Disposición adicional primeira. *Información adicional.*

Sen prexuízo do previsto nos artigos 9, 14, 21 e 24, as comunidades autónomas poderán requirir información adicional aos solicitantes unicamente cando resulte pertinente para a aplicación do réxime de autorizacións.

#### Disposición adicional segunda. *Aplicacións informáticas.*

Para os efectos previstos nos artigos 9.1, 15.3, 16.5, 21.2 e 23.5, e nos anexos II, e VII a X, as comunidades autónomas poderán establecer os correspondentes modelos de solicitude ben que, neste último caso, nos ditos modelos se incluírán, ao seren básicos, os datos que figuran nos anexos do presente real decreto, e as aplicacións informáticas deses modelos deberán posibilitar que a parte referida aos datos mínimos dos anexos do presente real decreto sexa accesible e reusable mediante sistemas entendibles por máquinas conforme os protocolos e estándares de interoperabilidade que aprobe o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e os custos da interoperabilidade serán por conta das comunidades autónomas de que se trate.



Disposición transitoria única. *Plantacións ilegais de viñedo.*

1. Seguirán aplicándose as disposicións do capítulo III do Real decreto 1244/2008, do 18 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola, mentres non sexan arrincadas as superficies de viñedo plantadas despois do 31 de agosto de 1998 sen un dereito de replantación, e as superficies plantadas antes do 31 de agosto de 1998 sen un dereito de replantación que non fosen regularizadas antes do 1 de xaneiro de 2010.

2. Seguirán aplicándose as disposicións do Real decreto 740/2015, do 31 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola e se modifica o Real decreto 1079/2014, do 19 de decembro, para a aplicación das medidas do Programa de apoio 2014-2018 ao sector vitivinícola, mentres non fosen arrincadas as superficies de viñedo plantadas sen autorización desde o 1 de xaneiro de 2016 até o 31 de xullo de 2017.

3. Seguirán aplicándose as disposicións do Real decreto 772/2017, do 28 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola, mentres non fosen arrincadas as superficies de viñedo plantadas sen autorización desde o 1 de agosto de 2017 até a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogados o Real decreto 772/2017, do 28 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola, e o artigo 34.7 do Real decreto 5/2018, do 12 de xaneiro, para a aplicación das medidas do Programa de apoio 2019-2023 ao sector vitivinícola español.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Autorización para a modificación do real decreto e dos seus anexos.*

Autorízase a persoa titular do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para levar a cabo as modificacións que sexan precisas, nos anexos, datas e prazos do presente real decreto, cando as ditas modificacións sexan exixidas como consecuencia da normativa da Unión Europea. Así mesmo, facúltase a persoa titular do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para modificar o límite máximo de superficie admisible por solicitante a nivel nacional.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de outubro de 2018.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,  
LUIS PLANAS PUCHADES

**ANEXO I**

## RECOMENDACIÓNS

**Anexo I.A**

Información e documentación mínima das recomendacións da Organización Interprofesional do Viño sobre a limitación de autorizacións de nova plantación a nivel nacional (artigo 7.3).

- a) Organización profesional propoñente, representatividade a nivel nacional e importancia no sector.
- b) Acordo adoptado polo órgano decisorio da organización, xustificado mediante certificado asinado polo representante legal da organización con data anterior ao 1 de novembro do ano en que se presente a recomendación.
- c) Recomendación proposta: porcentaxe que se recomenda conceder para autorizacións de novas plantacións para todo o territorio nacional, que deberá ser superior ao 0% e, como máximo, do 1%.
- d) Xustificación da recomendación. Estudo que xustifique a limitación polo motivo recollido no artigo 63.3.a) do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.

**Anexo I.B**

1. Información e documentación mínima das recomendacións das organizacións profesionais sobre a limitación de autorizacións para novas plantacións no ámbito dunha DOP (artigo 7.3)

- a) Organización/s profesional/is propoñente/s, representatividade na zona xeográfica en cuestión e importancia no sector.
- b) Acordo adoptado polo órgano decisorio da organización, entre as partes representativas relevantes da zona xeográfica de que se trate, sobre a limitación de concesión de autorizacións de nova plantación, xustificado mediante certificado asinado polo representante legal da organización con data anterior ao 1 de novembro do ano en que se presente a recomendación.
- c) Zona xeográfica en que se aplicaría a recomendación de limitar a concesión de autorizacións de novas plantacións.
- d) Período de aplicación da recomendación.
- e) Estudo que xustifique a recomendación de limitar a concesión de autorizacións de nova plantación con base nos motivos recollidos no artigo 63.3 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.
- f) Superficie máxima (hectáreas) para a concesión de autorizacións de novas plantacións e xustificación da superficie proposta.

2. En caso de que a organización profesional propoña unha limitación de autorizacións para novas plantacións no ámbito dunha DOP segundo o punto 1), a información e documentación mínima das recomendacións das organizacións profesionais sobre restricións ás autorizacións para replantación e autorizacións por conversión dun dereito de plantación (artigos 18.3 e 22.4) será a seguinte:

- a) Acordo adoptado polo órgano decisorio da organización, entre as partes representativas relevantes da zona xeográfica que se trate sobre a restrición de autorizacións para replantación, restricións ás autorizacións por conversión dun dereito de plantación, xustificado mediante certificado asinado polo representante legal da organización con data anterior ao 1 de novembro do ano en que se presente a recomendación.

b) Zona xeográfica en que se aplicaría a recomendación de restrinxir as autorizacións de replantación e as autorizacións por conversión dun dereito de plantación.

c) Período de aplicación da recomendación.

d) Estudo que xustifique a recomendación de restrinxir as autorizacións de replantación e as autorizacións por conversión dun dereito de plantación recollido no artigo 6 do Regulamento delegado (UE) n.º 2018/273 da Comisión, do 11 de decembro, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ao réxime de autorizacións para plantacións de vide, e no artigo 8 do Regulamento de execución (UE) n.º 2018/274 da Comisión, do 11 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ao réxime de autorizacións para plantacións de vide.

## ANEXO II

## Solicitudes

## II.A

*Información mínima que debe conter a solicitude para a concesión de autorización para nova plantación de viñedos*

1. Datos do solicitante										
Nome e apelidos:										
Domicilio:										
Localidade:					Código postal:					
NIF:										
Teléfono/correo electrónico:										
2. Datos da superficie que se vai plantar:										
Código	Provincia	Municipio	Agregado	Zona	Polígono	Parcela	Recinto Sixpac	Superficie (ha)	(**)Orde de preferencia	de
3. Declara que cumpre cos seguintes criterios de prioridade*:										
a) Mozo novo viticultor:										
b) Viticultor con pequena/mediana explotación										
c) Mozo viticultor con bo comportamento previo										
5. Solicitude:										
Solicito que me sexa concedida a autorización para nova plantación de viñedos conforme o indicado no número 2 desta solicitude.										
..... o ..... de ..... de .....										
O SOLICITANTE										
Sinatura:										
SR/SRA.... (O TITULAR DO ÓRGANO COMPETENTE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA ONDE VAI DIRIXIDA A SOLICITUDE)										

(\*) Se se consigna o criterio a) non se poderán consignar os criterios b) ou c).

(\*\*) En caso de que a superficie total solicitada supere o límite de superficie admisible establecido segundo o artigo 9.2 ou en caso de que se solicite superficie en máis dunha comunidade autónoma, indíquese a orde de preferencia dos recintos no número 2.

**ANEXO II.B**  
**Información mínima que debe conter a solicitude para a concesión de autorización para nova plantación de viñedos en caso de que a superficie solicitada se localice dentro da zona xeográfica da DOP que se superpón con varias DOP en que se aplicasen limitacións**

1. Datos del solicitante												
Nome e apelidos:		Código postal:										
Domicilio:												
Localidade:												
NIF:												
Teléfono/correo electrónico:												
2. Datos da superficie que se vai plantar, en caso de que se localice dentro da zona xeográfica da DOP que se superpón con varias DOP en que se aplicasen limitacións:												
Código	Provincia	Municipio	Agregado	Zona	Poligono	Parcela	Recinto Sixpac	Superficie (ha)	Superficie cuxa produción se destina a elaborar viño con DOP con limitacións que se superpón con varias DOP (S/NON)	En caso de que se sinalase (S) na columna (10), nome da DOP	En caso de que se sinalase (NON) na columna (10), declara que cumpre co compromiso do número 2.b) do artigo 8 deste real decreto:	(**) Orde de preferencia
(1)	(2)	(3)	(4)	(5)	(6)	(7)	(8)	(9)	(10)	(11)	(12)	(13)
3. Declara que cumpre cos seguintes criterios de prioridade*:												
a) Mozo novo viticultor												
b) Viticultor con pequena/mediana explotación												
c) Mozo viticultor con bo comportamento previo												
4. Solicitude:												
Solicito que me sexa concedida a autorización para nova plantación de viñedos conforme o indicado no número 2 desta solicitude.												
..... de ..... de .....												
O SOLICITANTE												
Sinatura:												
SR./SRA.... (O TITULAR DO ÓRGANO COMPETENTE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA ONDE VAI DIRIXIDA A SOLICITUDE)												
(*) Se se consigna o criterio a) non se poderán consignar os criterios b) ou c) .												
(**) En caso de que a superficie total solicitada supere o límite da súa superficie admisible establecido segundo os artigos 9.2 e 9.3 ou en caso de que se solicite superficie en máis dunha comunidade autónoma, indíquese a orde de preferencia dos recintos no número 2.												



## ANEXO III

## Valoración de criterios de prioridade

Criterios de prioridade	Puntuación
Mozo «novo viticultor» (artigo 10.1.a)	1
Mozo viticultor con bo comportamento previo (artigo 10.1.b)	0,5
Viticultor con pequena/mediana explotación (artigo 10.1.c)	
Explotación pequena	3
Explotación mediana	2

## ANEXO IV

## Lista de solicitudes admisibles para novas plantacións (artigo 9)

Información mínima que hai que incluír sobre as solicitudes admisibles:

- a) Datos do solicitante.
- b) Superficie solicitada, indicando DOP/IXP.
- c) Superficie admisible, indicando DOP/IXP.
- d) Superficie non admisible, indicando DOP/IXP.
